

BASES LEGAIS DO CONCURSO “PIDE MATRIMONIO EN VERÍN”

1. ORGANIZADOR

O concurso “Pide matrimonio en Verín” está organizado pola Asociación de Empresarios e empresarias de Verín (en diante AEVER CCU) (CIF G-32348492), domicilio en C/ Doutor González Prada, nº 5 baixo Verín (Ourense), para promover as vendas nos establecementos integrados en AEVER CCU no marco da campaña de dinamización das vendas de San Valentín e Entroido 2026

2. OBXECTO DO CONCURSO

O concurso ten como finalidade incrementar o poder de atracción da zona, incentivar as vendas polas datas sinaladas de San Valentín e Entroido e dar a coñecer a un público máis amplo a diversidade e calidade do comercio local de Verín.

3. ÁMBITO TERRITORIAL E TEMPORAL

Prazo de participación: do **9 de febreiro ao 20 de febreiro ás 9:00** horas pódense enviar os vídeos e realizar a inscrición no formulario da web.

Prazo de votación (“gústame en instagram e Facebook de AEVER CCU): do **20 de febreiro ás 15:00h ao 24 de febreiro ás 18:00h**.

Unha vez rematado o prazo de votación, non se terán en conta novos “likes”.

Sorteo: será o 25

4. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar no concurso as parellas que cumpran todos os seguintes requisitos:

1. Ser maiores de 18 anos.
2. Enviar a través das instrucións contidas nestas bases un vídeo orixinal no que se aprecie claramente unha pedida de matrimonio entre unha parella.
3. Cubrir correctamente o formulario habilitado na páxina web de AEVER CCU e aceptar expresamente as presentes bases legais.

AEVER CCU resérvase o dereito a excluír calquera participación que non cumpra estes requisitos.

5. MECÁNICA DE PARTICIPACIÓN

Para participar no concurso, as parellas interesadas deberán:

1.-Cubrir o formulario dispoñible na páxina web de AEVER CCU, <https://ccaverin.com/> facilitando os datos solicitados e aceptando as bases legais.

2.-Enviar o vídeo de participación á Organización a través de mensaxe directa nunha das 3 seguintes plataformas:

- Instagram - @ccuverin
- Facebook – Aever Verín
- WhatsApp, a través do número oficial da asociación: 623580326

Os vídeos poderán ser enviados do 9 de febreiro ata o 20 de febreiro ás 9:00 horas.

A participación só será válida cando se completen ambos os dous pasos.

Cada parella participante poderá presentar 1 vídeo.

6. PUBLICACIÓN DOS VÍDEOS E SISTEMA DE VOTACIÓN

Os vídeos admitidos e que cumpran as presentes bases serán publicados nos perfís sociais (Facebook e Instagram) de AEVER CCU dacordo cos criterios de publicidade propios da organización: inclusión de imaxe promocional da campaña e logos de entidades cofinanciadoras e organizadoras.

A parella gañadora do concurso será aquela cuxo vídeo obteña o maior número de “gústame / likes” válidos ao finalizar o prazo de votación.

O sistema de votación será o seguinte:

Cada “gústame / like” emitido polos usuarios das redes sociais sobre un vídeo publicado contará como un voto válido.

Só se contabilizarán os “gústame / likes” realizados dentro do prazo oficial de votación, comprendido entre o 20 de febreiro ás 15:00h ao 24 de febreiro ás 18:00h ambos incluídos.

Únicamente se terán en conta os “gústame / likes” procedentes de perfís reais e activos, quedando expresamente excluídos aqueles que procedan de:

- Perfís falsos ou automatizados.
- Sistemas de compra de “gústame / likes” bots ou prácticas similares.
- Calquera actuación fraudulenta ou contraria ás normas das plataformas.

O vídeo non poderá incluír, en ningún caso, a imaxe, voz ou datos identificativos de menores de idade, nin sequera de forma accesoria.

O vídeo non poderá conter contidos ofensivos, discriminatorios, vexatorios, violentos, sexistas, racistas, xenófobos, homófobos nin contrarios á dignidade das persoas ou aos dereitos fundamentais.

AEVER CCU resérvase o dereito a:

- Realizar as comprobacións que considere necesarias para verificar a validez dos gústame / likes”
- Descontar ou anular gústame / likes” que considere fraudulentos.
- Excluir do concurso calquera vídeo respecto do cal se detecten prácticas irregulares destinadas a alterar o resultado da votación.

Resultará gañador o vídeo que obteña o maior número de “gústame/ likes” válidos ao finalizar o prazo de votación.

A Organización resérvase o dereito a:

- Excluir “likes” fraudulentos, automatizados ou obtidos mediante prácticas ilícitas.
- Retirar vídeos que incumpran as bases durante o período de votación.

En caso de empate, o ganador/a decidírase mediante o criterio de desempate: “Número de reproducións do vídeo sumando as reproducións en Instagram e Facebook”

7. SELECCIÓN E COMUNICACIÓN DA PARELLA GANADORA

A parella gañadora do concurso será aquela cuxo vídeo obteña o maior número de “likes” válidos ao finalizar o prazo de votación.

A Organización anunciará o resultado do concurso o día 25 de febreiro de 2026 a través de redes sociais. A parella gañadora será contactada directamente a través do número de teléfono e/ou correo electrónico facilitados no formulario de inscrición no concurso.

A decisión da Organización será definitiva e inapelable.

8. PREMIO

O premio consistirá nun pack de condicións vantaxosas en produtos e servizos relacionados coa voda, ofrecidos polos comercios asociados á AEVER CCU e publicado na web da Asociación.

O contido exacto do pack así como as condicións para utilizar o premio serán comunicadas á parella gañadora por escrito e poderá incluír descontos, promocións ou vantaxes comerciais.

O premio:

- Non será trocable por diñeiro en efectivo.
- Non poderá ser substituído por outro distinto.

9. AUTORIZACIÓN DE USO DE IMAXE E CONTIDOS

A participación no concurso implica que a persoa participante autoriza de forma expresa, gratuíta e sen limitación temporal nin territorial a AEVER CCU a:

- Publicar, reproducir e difundir o vídeo enviado nas súas redes sociais, páxina web e outros canles propios.
- Utilizar o contido con fins promocionais e de difusión das actividades da Asociación.
- As persoas participantes garanten que contan co consentimento expreso de todas as persoas maiores de idade que aparezan no vídeo, eximindo a AEVER CCU de calquera responsabilidade.

10. CONTIDOS NON ADMITIDOS E EXCLUSIÓN

Non se admitirán vídeos que:

- Inclúan menores de idade.
- Conteñan linguaxe ou imaxes ofensivas ou discriminatorias.
- Vulneren dereitos de imaxe, propiedade intelectual ou protección de datos de terceiros.

A Organización poderá non publicar, retirar ou eliminar calquera vídeo que incumpran estas bases.

11. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 (RXPD) e coa Lei Orgánica 3/2018 (LOPDGDD):

Responsable: Asociación de Empresarios de Verín (en diante AEVER CCU) (CIF G-32348492)]

Enderezo: C/ Doutor González Prada, nº 5 baixo Verín (Ourense)

Correo electrónico: info@ccaverin.com

Finalidade:

Xestionar a participación no concurso, publicar os vídeos, realizar a votación e contactar coa persoa gañadora.

Base xurídica:

O consentimento expreso da persoa participante.

Dereitos:

Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade, mediante solicitude ao correo info@ccaverin.com

Posibilidade de reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

12. EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE DAS REDES SOCIAIS

O concurso non está patrocinado, avalado nin administrado por Instagram, Facebook ou WhatsApp.

As persoas participantes eximen completamente a ditas plataformas de calquera responsabilidade derivada do concurso.

13. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso implica a aceptación íntegra das presentes bases legais. A Organización resérvase o dereito a modificar ou cancelar o concurso por causa xustificada.